

ENXEBRE

LUIS RIOS DOPAZO



ENXEBRE - Luis Ríos Dopazo



LUIS RIOS DOPAZO

Adicado á Pobo de Bueu

ENXEBRE

mois que o enterraron en el cementerio de Vigo.
O seu nome era "Luis da rota" tamén se chamabas Luis Ríos.



LUIS RIOS DOPAZO,
nace en Bueu envolto na brancura e na
luz da ría a que adicou parte impor-

tante do seu canto. Os 32 anos, 1962,
tivo que emigrar a Francia. Chegou a París co propósito de atopar,
coma outros, un emprego na industria automovilística fran-

cesa, nesta tentativa atopou grandes dificultades debido a seu

defecto físico, unha coxeira.

Finalmente pudo ficar na capital francesa exercendo a profesión
á que xa se adicaba na súa terra: zapateiro.

Dende pequeno, Luis, tiña xa unha forma especial de escribir
as súas cousas, a súa maneira era un xeito musical que lle resul-
tou adecuado para cantar a realidade circundante: os ambentes
maríneiros, as costumes dos seus paisanos, as esencias da terra,
etc. Escripto a súa primeira poesía pensando na EMIGRACION
(Vou pra Lonxe), e a segunda en homaxe o seu pai, que era
maríñeiro, (Escravo do mar), profesión a que él non se poido
adicar a causa do seu impedimento físico.

Xunto os poemas nos que se cantan as excelencias da súa terra
e dos seus homes e mulleres, atópanse en Luis Ríos, tamén, poe-
mas nos que a preocupación pola problemática social do seu en-

torno é manifesta; respecto de dita problemática, o noso poeta síntese identificado co sentir "dos da baixo", as xentes para as que a vida e subordetodo suór e sofrimento.

A poética de Ríos, en liñas xerais parte da vida mesma, do que él olla na realidade para chegar despois a ese profundo e desleigado sentimento que o fai escribir. Dase, na súa obra, unha frecuente coincidencia temática con moitos dos nosos primeiros poetas: un comúnsentimento soudoso da terra. A súa poesía é popular, predomina a descripción sobre a narración, a paisaxe sobre a acción, o sentimento sobre a idea.

Polo que respecta a linguaxe e estilo, Luís Ríos mostra unha preocupación para a lingua falada e pola musicalidade. O seu galego é un galego espontáneo e popular.

Este primeiro libro de poemas de Luís Ríos xurde a luz a pesares das súas reticencias pero tamén gracias ó impulso.

Os xestos e ás palabras de ánimo que o poeta de Bueu recibeu de xentes de letras, amigos e admiradores da súa laboura poética.

En definitiva, temos en Luis Ríos, Dopazo, un daqueles poetas galegos que Celso Emilio quería para a nosa terra, un poeta que se mergulla nos problemas vivos do noso tempo, nas angurias das nosas xentes.

... que a miñanza, que a miñanza
de non ser a una dona
para amante do meu corpo
que me dala, nolle o dia
Vindense vos a dona,
se nacín para vello
madeira grío de rama?
jocando das raladas cagando
Cervo, más ruboroso,
mena encro ser condecorado?
llevos esa nosa amist
e ir daras miro bendas

Delirios, delirios teño

En esta cachola miña
son delirios de marteiro.
Cal é o dano que eu fago,
xa non sei o que daría
para arrincalo do meu corpo,
que me dana, noite e día.
Víndeme vos a decilo,
se nacín ¡para coitado!
madeira ¡teño de santo?:
¡coido que estades enganados!.
Cativo, más rabeoso,
¡non quero ser condenado!
ídevos con eses contos
e ir danar outro bando.

Ata que eu morra, meus pais

Provincia de Pontevedra

península do Morrazo,

Bueu, pobo mariñeiro

de beleza sen igoal.

Aldea da Canceliña

pertencente ás Meáns,

lugarciño do Pantano

nel estivo o meu fogar.

O namor, para mininxenuo,

foi de meus pais,

miña nai moitas carexas

severidade meu pai.

Escravíños seus fillos

fomos moitos no seu lar,

ata catorce xuntaron

coido non naceron máis.

Sempre con moitos atrancos

para arriba nos levar,

a metade xa morreron,

hoxe xa perdín a meus pais.

A lembranza deles fica,

¡queridiña miña nai!,

a túa facenda, agarimos:

máis non me puideches dar.

Meu pai, ti, o respetuoso,

agachába-lo teu namor

e eu fago canto pudo

para o teu nome respetar.

Se vós non estades no ceo,
que veñan conmigo falar,
vós que fostes uns escravos,
eu direi que ceo non o hai.

Naiciña, ¡meu namoriño!
o teu arrecendo en mí está
ós dous vos teño no senso
ata a mortiña, ¡meus pais!.

Camposanto, Castiñeira,
aló están os que morreron,
camiñando de vagar
xunto de vós vou pregar.

Bueu do meu nacemento

¡A miña pluma malpocada
escribe os meus sentimentos!
non fago máis que cavilar
en Bueu, o meu nacemento.

Galicia, tes catro rías,
cunha soño desperto,
óllome nesas praíñas
que percorrín cando neno.

Son da ría de Pontevedra,
a Moureira ten de porto,
de patrona un agarimo
que é a nosa Peregrina.

Bueu, para min es feitizo,
non te me vas da memoria,
ti ben sabes do meu amor,
non me deixas repousar.

Todo ti es fermosura
dende o mar á túa altor,
todo en ti é ledicia
pobiño do meu amor.

A ollarte riba da cima
óllase o teu verdecido,
a paisaxe é o teu mar
¡meu paraíso comprido!.

Meu amorciño, Bueu

Meu Bueu, porto mariñeiro,
onde meus pais se criaron,
en ti fun á escola de neno
e de mozo andiven namorado.

De casado saín fóra,
emigrei ó estranxeiro;
pasan os anos e a lembranza ven
do meu pobo feiticeiro.

No altor do pobo fican
os teus pazos, bendito enlevo,
Santa Cruz, o quita coitas,
o dos Aldrao e Castrelo.

Os tres son unha fermosura,
son a historia do pobo,
coa nosa igrexa de Cela
que vén de tempos más vellos.

Aló na cima esculca,
soio se olla o verdor
que baixa ata a beira do mar
nunha misturada cor.

Fermosa, a túa badía
naceu para acoller barcos,
se na ría vai treboada
ela os abriga calmos.

Xa agaveei a costa,
os meus folgos veñen minguando
e en ti non teño lar,
hoxe son un malpocado.

Que hei facer querendiño,
morrer eiquí non quixera,
¡irei de vagariño
morrer a túa beira?.

Se un lar en ti tivera
deseguida ía facelo;
téñome coitas nesta vida
e pensando en ti vou morrendo.

Remáécenme nos soños
Cela, Beluso e a praia;
téñooos misturados
nos meus soños nesta Francia.

Fillo son de mariñeiro
miña nai foi peixeira,
son o único zapateiro
de familia mariñeira.

Bueu eu pillei o tempo
de facer esta poesía
para ti meu amorciño,
para ti Bueu, ¡miña vila!.

Galicia, nai garimosa

Non esquéza-lo meu namoro
de min es moi queridiña,
hoxe estou case danado,
¡terriña!, teño morriña.

Lonxe de ti moitos anos
ti non es esquecida,
choro igoal ca un neníño
abandoado na vida.

Soio teño amargura,
vou danado por camiños
que non son da miña terra;
por eles vou engordiño.

Hoxe todo é lembranza
dos teus montes e ríos,
desas rías de ledicia
feitizo dun paraíso.

Nai pobre, miña terriña,
para os teus fillos un feitizo,
garimosa non hai outra
que te asemelle, ¡Galicia!.

Como te estragan Galicia

A miña patria é España,
e na veira do mar,
eu son fillo de Galiza,
hoxe a queren queimar.

Queiman os nosos piñeiro,
os que te arrodean, terriña,
desaparece o teu verdor,
miña terra queridiña.

Lonxe de ti no meu leito
chéganme os arrecendos
da borralla de ese fogo
que non me deixa repousar.

Tolo veño relembrando
esa desfeita que fan,
ollo penedos espidos
dende as cimas, a veira do mar.

Miña terra garimosa,
de paisaxes sen igual,
ollalos fora un feitizo,
hoxe xa me fan chorar.

Qué dano fixeches terra
para ó fogo te votar,
en ti todo foi ledicia,
máis xa non podías dar.

Sempre estou coidando de ti

Galicia, meu namoriño,
terra de Deus elexida,
cando terminou o mundo
agasallounos coas rías.

Escomenzan nun río
que monte abaxo acarrexa
a misturarse co mar
augas bulideiras.

De renome é o marisco
das catro rías galegas,
os peixes un regalo,
o seu sabor non ten igual;

os nosos portos un ensoño,
arrecuncháda-las badiás,
os barcos moi acougados
se ó mar non van pescar.

O meu peito ten morriña,
son un pobre coitadiño,
lonxe de ti, miña terra,
alcóntrome danadiño.

Festa en Hermelo, Bueu

Toca o pandeiro, Marica,
toca o pandeiro,
que hoxe é festa, nenña,
no Santiaguiño de Hermelo.

Nós tamén habemos ir
ó Santiaguiño de Hermelo,
habémonos entreter
con tambores e pandeiros.

Logo no adro aló arriba
xuntos os dous bailaremos,
dareiche un biquiño pequeno.

ESTRIBILLO

¡Viva Santiago, viva Santiago,
aínda que soio sexa
unha vez ó ano!. (bis).

Despois, diante do altar,
xuntos os dous, de xeonllos,
darémoslle as gracias, mociña,
ó Santiaguiño de Hermemlo.

Chegou Santiago fermoso
para o logo te votar,
en ti todo tan feito,
máis en non medo das.

Vigo, honra de Galicia

De Bueu fun camiñando,
agaveei Castiñeiras
ata cima Libureiro
da ría de Pontevedra.

Da cima alvisco Vigo,
monte de Castro e a Guía,
a badía de feitizo,
ca agariman esa ría.

Porto de moito trafexo,
coma il non ten Galiza,
súa frota percorre o mundo
coma as gaivotas do mar.

Da volta chegan o porto,
veñen a descarregar,
e os barcos chegan preñados
dos peixes que hai no mar.

Na badía outros barcos,
son os da mercadoira,
agardan aló mainiños,
pra logo ir marear.

Cíes, masa de penedos,
ampara a súa entrada
de ese porto feiticeiro
mesmo si fai furacán.

Do mundo recoñecido,
porto que il ten moita sona,
mariñeiro arriscados
valentes pra taballar.

Homaxe a tí che fago,
adícoche a poesía,
de tí eu son namoroso
e da túa gallardía.

Loreto no asturiano ab uno
cunha voz e unha mirada
heredaramos de nosas paisas
que os estouros se amos

entre o río e o mar
entre o sol e a lúa
entre o amor e o desamor
entre o nacer e o morrer

Despois de tanto tempo
vivendo en deshonra e en maz
damente achinado na redonda
a Santiago de Compostela

Che, mae de ben meus
que a mi a mi meus
que o meu leal (nunca
meu) é lei

Fermosos os nosos Ríos

Os ríos nacen nas cimas,
camiñando bagariño
polos camiños se van,
baixando moi arriscados.

Gorentosos de ledicia,
todos eles moi fermosos,
verdexan a nosa terra,
igual que un paraiso.

A auga vai cantadeira,
polo leito vai mainiño,
a tombos nas pedras roda
que topa no parcurrido.

Arboredas deixa atrás,
camóns e leiros con millo,
atravesa corredoiras
e soutos cheos de pinos.

Correndo sempre ten presa,
cumprindo co seu destiño,
canto contén é facenda,
fainos moito serventío.

Cansa, fina na paraia
facendo mil remoíños,
mistúrase ben co mar
nun enteiro tresvarío.

Percurando o camiño

Fermosa tí es Galiza,
estragados tes os fillos
nas terras descoñecidas,
morriñosos meus probiños.

Por camiños, corredoiras
alanquei eu coitadiño,
fúnme indo polas rúas
sin relembrarme dos fillos.

Nunha fonte bebín auga,
cartos non tiña conmigo,
a razón me toleaba,
mesmo topeime danado.

Relembrábame o lar
onde eu fora nacido,
e ó chegar a Pontevedra
aló topei o camiño.

Pois baixando pola ría,
camiñando bagariño,
topei Bueu, miña terra,
querendiño dos seus fillos.

Namoro da terra

Vou pra lonxe, vou danado,
soa ficas terra miña,
bagoas deitan os meus ollos
que non poido conteñelas.

Pois moita morriña teño
que coido estragar a vida,
de tí eu son namoroso,
coma dunha nai, Galiza.

Adeus montes moi fecundos,
os piñeiros te rodean
que se abantoxan ó vento
igual cas ondas do mar.

Castiñeiros e loureiros
danche feitosa armonía
de ledicia e feitizo
na alborada do día.

Faría de agradecimento,
si eu poidera ficar,
o que non mo imaxino,
relembra-lo non quixerá.

Estrevido son decilo,
pois eu te agarimaría,
como ela sempre o fixo,
a insigne Rosalía.

Acordanza da terra

Estou lonxe, non te vexo,
e os marmurios xa me chaman
da acordanza van saíndo
os arrecendos do lar.

Relérbrome cando neno,
cos compañeiros xogaba,
ó acordo van saíndo
aqueles con quén andaba.

Eu boteime polo mundo
no meu pobo afogaba,
como fai un malpocado
non coidei nos que ficaban.

Hoxe de coidar é tempo,
cheo estou de tristura,
por iso sinto bruídos
da miña terra galega.

Si aló un día chego,
ei ir ver a santiña,
a dos pendentes dourados,
que se noma Peregrina.

Facenda galega

Facenda ten nosa terra,
verdexantes nosos prados,
arboredas misturadas
de sosego embruxador.

A nosa terra galega
mesmo con moito traballo,
o ceo é moi bon con ela
dalle a chuvia de agasallo.

Bon viño hai no Ribeiro
que é noso Ribadavia,
pro Albariño Cambados,
eiquí a nós ren nos falla.

Marisqueiro o noso mar,
recoñecido de todos,
que teñen bon ceo na boca
de ese celmoso sabor.

A paisaxe de Galicia,
cos poetas tanto gaban,
todo ela unha ledicia
de acougo e de meigallo.

Caribe en molto ampare
non foi dano a trebonda
en todo nos badeos
xamais o porto estraga.

O parimento da terra

De vagar fun camiñando,
un día da primaveira,
corrusqueiro era o sol
cediño na alborada.

Collín soego nun valo
e vin deschoar a terra,
a herba viña saíndo
nascida debaixo dela.

O humán é un bandallo
desprecia a natureza,
toda ela é un feitizo
de agarimos e ledicia.

Unha gabanza a Cariño

Cariño na beira mar
contén barcos arriscados
moi lonxe van a pescar
os peixes ós caladeiros.

Carregados ó voltar
atentos coidan o rumbo
Estaca de Bares ollan
termo que é perigoso.

Se do Atlántico chegan
os "Tres irmáns" poñen medo
o "Reducio" fai a garda
de-se mazo de penedos.

O faro do Ortegal
alumea o camiño
garrido no altor fica
espalla o seu lucidío.

No intre termos deixar
é folgada a anchor
avaixados ca carrega
camiñan de vagariño.

O entradoiro da bahía
de-se porto feiticeiro
asemella unha vieira
onde o mar fica calmo.

Cariño ten moito amparo
non fai dano a treboaada
ela bate nos penedos
xamáis o porto estraga.

Porto do Son

Son mullerciña do Son
porto da ría de Muros,
pra el "son" os meus agarimos
dende a Casa de Galicia.

Se eu canto "son" namoros
soio para el miña terra!;
o son lévao o vento
levalo eu ben quixera.

Porto do Son, queridiño,
terriña moi feiticeira,
encovada no meu senso
para non poder esquecela.

Ide vós aló, anduriñas,
levaille os meus sentimentos,
decídelle que son malpocada
eiquí xa hai moito tempo.

Falaille que ei voltar
que me sai de moi dentro,
coa terra namorada
con ela soño no leito.

Nos soños a túa filla
fálache do seu namor,
quérete dende nena
para tí é a miña paixón.

Estes versos están dedicados á señora Moncha, muller á que ó falar do seu pobo, os ollos se lle aluman igual ca raios do sol.

Decirmo se o sabedes

A árbore máis patriarcal,
máis verdadeiro galego,
oín dicir, é o Aciñeira,
outros falan que os hai mais vellos.

Non coido ser un druida
pra que poida falar de eso,
hai xentes na nosa terra
que teñen coñecementos.

De eso non sei falar,
só falo do que eu olló,
da terriña feiticeira
que namoro dende neno.

Eu falo de carballeiras,
dos ondeantes piñeiros
que moi cedo se avantoxan
co noso vento mariñeiro.

En eso vou cavilando
dende que deixei Galiza,
nos meus soños dou en lembrar
a reverdescente terriña.

Nomaronme "de galego"

Traballador sen repouso
pra mantenza da familia,
de ninguén eu fun escravo
e non vivo da coviza.

De Bueu orixinario
na ría de Pontevedra,
coido voltar o meu pobo
se a morte non me leva.

Nomáronme "de Galego"
nascido fun nesa terra,
pra vida son namoroso
de miña rexión galega.

Pra min é un agarimo
ela é todo fermosura,
fora dela malpocado
cando aló vou, é ledicia.

Pra ela van os meus senso
eiquí cavilo con ela,
ólloa mesmo nos sonos
ata co sol me desperta.

Son galego vaidoso
da miña terra garrida,
xentes de bon corazón
que fan moi boa acollida.

Agasallo ós da cultura

Pobre do meu compañeiro
el coidaba ser poeta,
escribía agarimos
e á xente liallos.

Noites enteiras soñando
para facer poesía,
el puña o seu namor
a súa tristura e ledicia.

Leullas un home bon
deses que teñen cultura,
e nun recuncho dun voceiro
mesmo puxo o que el facía

á beira das opinións
pois ¿outro xeito non tiñan?,
compañeiro, meu amigo,
"poeta", ti, non o serías.

Calmo déitate no leito,
déixate de cavilar:
para a poesía, meu fillo,
moito tes que estudiar.

No voceiro, noutra folla,
hai poesías ben feitas;
provocantes, tallan
coma unha macheta.

Centenario de Castelao

Relembando Castelao,
ficas parello a laborada
que fai chorar ós galegos,
ren que a ouvir toca-la.

Hoxe, no teu centenario,
adícoche a poesía
de agarimos feiticeiros,
dende a Casa de Galicia.

Tí que fuches homildoso,
deches gloria a nosa terra,
co teu chencho xeneroso
nomaste "Cristos de Pedra".

Caricaturas de ensoño,
saíron da túa pluma,
deches ós libros saibor
coa túa literatura.

Excusas pra míñ vos pido,
estreverme a recitar,
no homaxe xeneroso,
en honor ó noso irmán.

Queridiño Castelao,
deixaste "Sempre en Galicia",
"Cousas da Vida" pra nós,
xamáis serán esquecidas.

A nosa Gaita

Homaxe a ti che fago,
nosa gaita galeguiña,
asemellas ó xilgueiro
que enfeitiza co chifrar.

Se a morriña me apaña
a min que estou no extranxeiro,
soio ti me has confortar
co teu roncón garimeiro.

Música tes de agarimo,
cando roucas, miña gaita,
foxen as coitas que teño
fóra da terriña meiga.

Cando vou de visiteo
pola terra namorada
ti es todo o meu consolo
escoitando foliadas.

De falar de ti non canto;
es igual cá bandeira
que espalla polo mundo
a nosa cultura galega.

Ó Señor Quiroga

Tí te vas noso gaiteiro
o mestre da enseñanza,
ti que es a nosa ledicia
cando fas roncar a gaita.

Hoxe xa deixas no posto
rapaces moi ensinados,
do teu ensino, Quiroga,
para honra do noso lar.

Tí que falas aldeán
do noso país galego,
limpo igual que auga san,
fala coma un arrecendo.

Xamáis colles arrodeos,
calmo non é teu berrar,
¡que te oian! cara o vento
que escoiten teu falar.

Cando folgabas na gaita,
calmo fun enfeitizado,
eu que son moi malpocado,
oíla me consolaba.

Vas para a terra compañoiro,
nosa terriña Galiza,
escolleuna o Deus do ceo,
¡terra nosa! verducida.

Gaiteiro, xa que te vas,
vai co senso satisfeito,
fixeche moita laboura,
vaite repousar ¡galego!.

Mestre noso galeguiño
adícoche a poesía,
de acordo, é todo fato
en Francia, ¡Casa Galiza!.

¡Galegos, escoitade o meu falar!

Alcántrome con tristura
ollándovos, compañeiros,
chimpar pedras ó tellado
enriba do noso "Lar".

Traballo costou facelo,
foron homes namorosos
da nosa terriña meiga
para acoller ós galegos.

Deixemos de pelexar:
escoitade o meu falar;
eu de todos son amigo
disposto a axudar.

As raibas deixádeas de banda,
o lar hai que amparar,
e se houbo critiqueiros
non hai que facer igoal.

Eu a gloria non a quero,
tampouco unha medalla,
soio pido sacrificios
para honra-la nosa terra.

Cando se quer a Galicia,
se te dís dela namorado,
vén comigo, fai xuntanza,
ti e máis outros, ¡Galego!.

A rentes da Ría de Pontevedra

Aló no bico San Vicente
é o comenzo da ría,
ven a praia da Lanzada
núa e de brancas areas.

No bico Corbeiro fina
en agarimosa compaña,
Facilda, praia Pociños,
bico e praia de Montalvo.

Todos xuntos ó conchego
recollendo eles amparo
do alteiro Cavicastro,
renomado pai e garda.

Portonovo o lombo,
abritao Cavicastro,
ten vivir e traballar
da pesca que trai do mar.

San Xaqúin ten de patrón
tenlle moita abnegación;
pecha o porto e non traballa
cando festexa seu santo.

San Xenxo é porto antigo
feito na beira da ría,
ten unha praia de ensoño
toda ela un regalío.

Porto hoxe moi moderno,
de noite é moi lucidío,
asemella unha cidade
fai un pouco o fachendoso.

Súa patrona Rosalía
hoxe moito ha de chorar
os mariñeiros da ría
non a van a festexar.

Enriba dos penedos Raxó,
espellándose no mar,
coida a súa fermosura
que a ten da antigüedad.

E un porto feiticeiro,
traballa moito no mar,
ten algúns barcos grandeiros
que a lonxe van pescar.

Combarro, biblia da ría,
il ten moito que contar,
se un vai de visiteo
non sabe onde escomenzar.

Porto coas rúas estreitas
feitas coas lousas de pedra,
cada encrucillada un Cristo
da historia derradeira.

Todos cheos da tristura
que ese pobo pasou,
cando vikingos e mouros
achantaron ese pobo.

Hoxe é un moimento
ren se pode restrinxir,
riba están dos penedos
os fermosos horreos galegos.

Fermoso seu areal,
mulleres, velloz e nenos
van coller os berberechos
co saibo da auga do mar.

Combarro é moi mariñeiro,
a súa industria é o mar,
mariñeiros arriscados
semper eles saen pescar.

Poio, co seu fermoso convento,
el garda nos seus arquivos
a historia derradeira
da ría de Pontevedra.

Fica afastado do pobo,
ben erguido nun alto,
dentro del todo é sosego
adicado a devoción.

O porto é facendoso
tamén traballa no mar
e ten moi bons mariñeiros
que saben moi ben pescar.

A capital Pontevedra,
a ría leva o seu nome,
ten de porto a Moureira
fai de encomenzo da ría.

Pra chegar ata a Moureira
hai que coller o canal,
mais ese porto non serve
pra o mar ir traballar.

Pontevedra é "boa Vila"
contén casas moi fidalgas,
fixéronllas os de Lérez,
canteiros de moita sona.

Patrona a Peregrina
santiña moi queridiña,
amparo dos mariñeiro
cando eles van pola ría.

Dando o lombo a Pontevedra,
despois de baixar o canal,
un pequeno porto se alcontra
que se noma Lourizán.

No mar traballará pouco,
moito non se oe nomar,
mais a ría pertenece,
e con el hai que contar.

Marín é o máis grandeiro
de tódolos portos da ría,
tódolo que ten de facenda
tenno da industria co mar.

Desenrola actividades
coa súa mercadoría
que os barcos acarrean
doutros portos da península.

A súa frota pesqueira
traballa moito no mar,
botan afora moitos días,
logo veñen a descargar.

Ten un porto alongado
colle tódala beiramar,
peiraos atracadeiros
moito conforto aló ahi.

Marín é moi coñecido,
moito polos seus cantares,
coido que non haxa galego
que nonno chegara a nomar.

Del é a illa Tambo,
amparo lle fai do mar
ese porto moi tirando,
encomenza en Estrivela,
co seu fermoso areal.

Dempois de deixar Marín
alcóntranse as freguesías
Aguete, Loira e Ardán,
fina a praia Lapamán.

Bueu é porto moderno,
dispos coma el nonno hai,
moi folgadas son as rúas
en cadrados todas elas.

Ese porto mariñeiro
non foi nascido no mar,
veu baixando monte abaxo
ata beiriña do mar.

A súa badía un feitizo
a más fermosa da ría
gárdase do vento do Leste
e do Sul, do poente pola ría.

O seu porto é moi deixado
fai igual que Pontevedra,
namentras outros traballan
el fica a dormir a sesta.

Bueu todo é feitizo,
montes cheos de arboredas,
as praias xa non se contan
todas con areas brancas.

A historia de Bueu
soamente son tres pazos,
Aldao, no 1409 feito,
a Doña Urraca acobilou
según a leenda fala.

O pazo de Santa Cruz,
feito por Fernando da Cruz,
que foi o cura do pobo
e un grande inquisidor.

Ese pazo é moi fermoso
no alto da Carrasqueira,
polo seu panorama e sosego
"quita coitas" foi nomado.

O terceiro é Castrelos,
unha casa solarenga,
co escudo da nobleza,
aló no alto do Balado.

En Bueu hai unha Igrexa
que ven do século doce
ela é góticorromana,
Santa María de Cela.

Do mar vive ese porto
moita flota de baixura,
grandeiros tamén os ten
mais non ten onde acollelos.

Fallan os atracadeiros
pra eses barcos de altura,
súa pesca deixan fora
nos portos do arredor.

Fermosa a badía de Aldán
é unha divinidade,
arrodeado das praias
mesmo á beira dos piñeiros.

Seu porto moi arrachado
pra o traballador do mar,
teñen sona so mariñeiros
de ese portiño de Aldán.

Ese porto ten "castelo"
e o Conde foi un feudal,
todos os pobos da beira
por ren ían traballar.

O bico Couso termiña
a ría de Pontevedra,
óllanse as illas Onza e Ons
que fan o amparo dela.

A rentes da ría de Pontevedra
quen o dicta é a morriña,
escriboa coa miña alma;
nascido fun nesa ría
ata a morte heina adorar.

Escravo do mar

Traballador mariñeiro
cando o porto vas chegar
a maruxía e o vento
vante achegando o teu lar.

Con día saes bogando
ás rías tí vas pescar,
e de mañán co luceiro
cando as estrelas se van.

Chegas e varas o barco
e os teus te agardan xa,
mollado chegas coitado,
de moito loitar no mar.

Cando cos anos pra baixo
a morte sintes chegar,
relembras o derradeiro
e como vas termiñar.

Escravo fuches, probiño,
ren eiquí deixas ficar,
senon de coitas un carro
que naide quer confortar.

Pra acá viñeches en coiros,
pra aló ren tí levarás,
so teu corpo esmirriado
de moito eiquí traballar.

Cobizosos mariñeiros

Home do mar, compañoiro,
moita tristura me fas,
a mantenza dos teus fillos
¿onde tí a vas achar?.

Non sexas un papadeiro,
fas igual co "Arruas",
come, desfai aparellos,
mais il é un animal.

Cando tí sexas coitado,
do mal que che vai chegar
culpante has ser tí só
da desfeita que tí fás.

Deixa de ser cobizo, non
queiras todo pescar,
faite co mar homildoso,
respeuta teu gaña pan.

O burato vas facendo
onde te vas encouvar,
tí, muller e os teus fillos
si non hai peixes no mar.

Tristura do Mariñeiro

Mariñeiro de tristura
meu pai falaba a razón,
en míñ todo é lembranza
e chorando teño o cor.

Como vive él da pesca
coñecelo é caroso,
il na ría vai pescar
se o mar está calmoso.

Se no mar hai treboada
no lar fica de contado,
ollando as ondas da ría
adoecido o coitado.

Cando os ancasentadores abrían
a morte sintiendo que non
volvían a desembocar non se sentía
é como vas tenuequedas no sotexo

Encava fustes, ceballos, garafas
o rex, esquecense, recordan se o obre
seme de contabilizan en o tellado
que nade quen non ande led nos le

Pro ací viñches en rebos,
pro allí rex el levaras,
no meu corpo comíñado
de morto sigo traballar

Pescador das nosas rías

No vrán o mar é mainiño,
da gosto vir a Galiza,
mais cando ven o inverno,
perigoso é ir pescar.

Mariñeiros arriscados,
pra gañar a súa vida,
traballo de mariñeiro
todo cheo de coitiñas.

Galiza terra de loito,
as familias non o tiran,
de tanto home afogado
que morre e no mar fica.

A pedra Fendida

Na ría de Pontevedra
aló tópase un penedo,
baradiño nunha praia
nómase praia de Agrelo.

Coa marea pra riba,
igual ca nai cos seus nenos,
a auga ven a lava-lo,
quen o seca é o vento.

Nómase pedra fendida,
culpante namais co demo
unha nube fixo chiscar
e fendeuna polo medio.

Il tratou de facer mal
mais Deus non deu o acordo,
fixo dúas freguesías
nese Bueu de feitizo.

Cara a ría dou pra Cela
e a Bueu do outro bando,
a provincia de Pontevedra
terra que eu quero tanto.

Nubes mestas e baixas
só cousas son do demo,
mais Deus ollaba da cima
pro ben do noso Agrelo.

Agoiro de mal tempo "Ría de Pontevedra"

Pecha Arousa mala cousa,
vai o día escurecendo,
furacán fai deseguida,
barcos percuran o porto.

As nubes moi misturadas,
unhas cas outras chiscando,
raios e mais lóstregos
afogo atopan na terra.

O mar moito cabreado,
vagallóns batén nas praias,
fan perigar os barquiños,
amarrados na badía.

Na ría ollanse os barcos,
coas velas ben enchidas,
capeando ben o vento,
lixeiriño pola ría.

Acibreigada

Vírase na noite o día,
todo gallopa no ceo,
encomenza acibreigada
o craízo achando todo.

As ondas moi cabreadas
veñen bater nos penedos,
berrando van as gaivotas,
botan berros acorados.

Non atopan a mantenza
que sempre a collen voando,
tamén o frío as martela
acocho van percurando.

O traxo de loura mal
máis crece non del deserto
que das mareas
Dixey o mar obrazque
nese Baie de Laxe.

Casa e da dona pro Cela
e a Bueu en outro bandel
A proximidade de Pocomeda
torta que en quese tanto.

Nobas mestas e baixas
se componen da debuxa
máis Dous olladas da cima
pro ben do noso Agrela.

Muller do mariñeiro

Meu homiño mariñeiro
cando él sae a pescar
na súa dorna de vela
os peixiños vai achar.

Leva a escota apreixada,
polo ventiño mareiro,
cediño na alborada,
eu non fago senon pregar.

Súa dorna feiticeira
carexa as ondas do mar,
como as gaivotas, igual.

Meu home non ten sosego,
sempe co mar a loitar,
a percura dos peixiños
para manter o fogar.

Eu xamáis teño consolo
ate que o lar da en chegar,
cando me colle nos brazos
as miñas coitas se van.

Unha muller de verdade

Tí es muller homildosa
diches namoro ó traballo
tes namor a túa terra
que xuntos a namoramos.

Hoxe tí enravesada
de eso, que algúns falaron
queridiña compañeira,
deixaos ficar de bando.

Entende o meu falar
non oixas, os mal fadados
eu sei tí es namorosa
o "Lar" hai que amparalo.

Un home dende Galicia
ben cho dixo pola radio
hai xente que te namora
iles che fan agasallo.

Eu sempre serei demposto
teño namor á terriña,
xuntanza é o que piso
ti ó sabes Galeguiña.

O teu sorrir garimoso
acollente mullerciña
sempre fun agarimado
dil na túa compañía.

Non sexamos malpocados
deixemos mal cavilar
Galicia non quer deso
pide amparar o "Lar".

Fermosura da muller

Coor do trigo dourado
que o tes da túa casta
celta o teu nacemento,
teu orixe ven da raza.

Os teus cabelos fermosos
que che baixan polas costas,
ollalos é un feitizo
si o cuadrelo non levas.

Teu surrir é un meigallo
que engada e encadea,
tí eres encantamento,
fermosa muller galega.

Teu corpo un moimento
feito coma as esculturas,
teus ollos agarimosos,
enfeitizan o ollar.

Eres semellante un suspiro
despois co día alpeira,
vai alumiar o ceo
na alborada o novo día.

Unha Miña Rula

Se quixeira coma eu quero,
outro gallo cantaría;
tí ben sabes do meu amor,
soño en tí noito e día.

Miña Rula garimosa
que namoro, ás agachadas,
fala a teu pai, miña Rula,
que de min es namorada.

Sabes que son de palabra,
xamáis fun un lacázán;
se tí ves casar conmigo
nada che a de fallar.

As ter pan do meu trigal,
viño, das miñas cepeiras,
porco do meu salgadeiro
e frores do roseiral.

O teu sorriso perdimos
acollente matinche
sempre fan agrado
dil na miña compaña.

Non somos malpocados
deixamos nad curiar
Galicia non quer deixa
pida amparar o "Lar".

Soberbia

Muller que te queixas tanto,
coidas ti eres malpocada,
choras cos anos pra baixo,
non o facías de moza.

Tí escollías os mozos,
soberbia os deixabas,
coma si foran farrapos
que ren a tí che costaran.

Fermoso foi o teu corpo,
os homes por il penaban,
mesmo estaban caidosos
cando por iles pasabas.

Hoxe o corpo esmirrado,
torto coma pé de viña,
ónde vai aquel corpiño
que tiñas de rapaciña.

Anoiteceu o teu tempo,
deu tristura a túa vida,
escoller non serve moito,
agora choras soliña.

Falando coas miñas nais

Eu teño o privilexio
de ter dúas nais galegas,
fillo dunha, ¡galeguiño!,
a que me pariu primeira.

Miña terra, miña terra,
coma nun cantar che canto,
a tí che canto, terriña,
pola ar vai rumor.

Miña nai paríume un día
que facía moito frío,
o ano xa terminaba
no comenzo de decembro.

Ela nin sequera coidaba
que o seu fillo namoroso
cando os ollos despechara
tamén sería o teu fillo.

Os sabios de Santiago
estragan a nosa lingua,
a míñ enxebre me alcuman
por ampararte, Galicia.

Terra, miña terra meiga,
moito namoro eu che teño,
en tí todo é ledicia
meu país feiticeiro.

Tí es todo fermosura,
montes, campóns e riachos,
e na beira do teu mar
a noite énchese de fachos.

Estou cheo de morriña,
queridiña xa vou vello,
lonxe nas terras de Francia
¡o vento che leve o meu verso!.

Os que falan de amor

Escoitade, compañeiros,
eu de nós veño falar;
algúns dinse da terra namorados
e non fan máis que aldraxar.

Se vós lle tedes amor
á nosa terra galega,
¿qué acontece, galegos,
para non ampararlle a ela?.

¡Non facede enxuizamentos,
iso non quere a nosa terra!
quén os fai hai que deixalo,
pensemos na terra meiga.

Compañeiros querendosos,
non é bon enxuiciar
se non se fai referencia
positiva ó Noso Lar.

Coñecédelas maneira
que del fago amparo,
disposto a traballar
e xamais estarei canso.

Causádesme tristura
co voso comportamento,
¿facédelo por Galicia?
decídeo e imos xuntos.

Ese tempo derradeiro

Cando de mozo namorei
soio ó meu sentimento atendía,
na inconsciencia daqueles anos
todo para míñ foi ledicia.

Facía coma o raposo
ás agachadas na herba,
vixiendo un galiñeiro
onde rouba-la galiña.

Xunto co meu compañero
facíamos retesías;
faime dano aquel tempo
de ir roubar galiñas.

Dese tempo derradeiro
fica hoxe amargura,
inconsciente rapaz novo
do namoro ficou tristura.

Cando mozos fanfarrentos
falán das súas aventuras
unha me deu agarimos,
deles non falo, mocíña.

Coido que hai que axudar,
enxuiciar fai dano;
xuntémo-las forzas vivas
todos xuntos, apreixados.

Eu que son un galeguiño,
¡Galicia! será para min enteira
se tiramos no mesmo sentido
¡érguete nosa terra meiga!.

Non facendo mal a ninguén
que non quererá, non quererá
que non facendo mal a ninguén
que non quererá, non quererá

Comprado, non quererá que non
que non quererá que non quererá
que non quererá que non quererá
que non quererá que non quererá

Comprado, non quererá que non quererá
que non quererá que non quererá
que non quererá que non quererá
que non quererá que non quererá

Considerando tristura
do vuestro comportamiento,
¿decidido por Galicia?
decidir e otros xuntos.

O xardín dos malpocados

Non fago máis que cavilar
cando xuntos camiñamos,
coas dúas maos apreixadas
no xardín dos namorados.

Dera todo canto tiña
os meus sentimentos más sanos;
namorei de tí, rapaza,
hoxe alcóntrome danado.

Vou camiñando na vida
coma home condenado;
atulláronme cadeas
na cela dos namorados.

¡Eu ben puiden arrincalas
que me fai moito dano,
mais ficou unha rosiña
no xardín dos malpocados!

Cadeas enferruxadas

No meu senso cabilando
ren alcontro, miña nena,
apenas tiven a idade
pedinte de compañoira.

Os meus sentimentos, meniñas,
hoxe téñoos agachados:
fun dado a tí, rapaza,
non os deixei abandooados.

Xamáis fun un lacazán
senón moi dado ó meu traballo,
e namoroso do fogar;
hoxe son un malpocado.

Cadeas nos apreixaron:
xuramos para toda a vida,
mais se enferruxaron
pola incomprensión, filliña.

Soio tristura me fica,
aturala faime dano,
da cadea enferruxada
que nos tivo apreixados.

¿E que nacín para chorar?

Xamais soubéche-lo dano
o dano que a míñ me dá,
cando dixeches "te quero"
soio foi para me danar.

Hoxe fican sofrementos
xa non os poido aguantar,
dóenme os meus sentimentos
a morte me quere levar.

Xa afoga o meu amor,
en míñ soio hai tristura,
danado, moi malpocado
case non pudo alentar.

O meu namor estragado:
fun soliño a namorar,
fiquei del un escravíño
e non me poido liscar.

Miñas nai, olla teu fillo,
¿parícheme tí, naiciña,
coa idea de ser namoroso?,
se tí me ollaras chorar...

Agardando non sei que

Ollando para tí camiño,
non fago máis que cavilar
e teño todo o dereito
de agarda-lo teu ollar.

Ben quixera non facelo,
o meu senso non me deixa:
quere que cavile no corpo
que tí tes de feiticeira.

Fiquei del namorado;
caladiño, mullerciña,
alcóntrome malpocado
pois non ollas para míñ, mociña.

Agáchoo, non o falo,
os meus ollos por míñ falan
do namor que eu che teño
hai moito tempo, rapaza.

¿Onde estades agarimos?

Toda unha vida danada
sen ter meu corpo agarimos,
meu Deus ¿Qué pasou conmigo?
ti, ¿me deixache de lado?.

¿E que fuxín do aremtío
inconsciente de que facía?
ou que me pasei de listo
¿ti coidaches que fun parvo?.

Ben sei que che damos traballo
os humáns aquí embaixo,
non sei que pasou conmigo
só sei que son malpocado.

Digo, non fun lacazán,
fun amante do traballo,
quiero moito a familia
e a ninguén fago dano.

Hoxe, meus anos para abaixo,
vou na vida camiñando
paxeniño, non vou lixeiro,
atendendo ó camposanto.

Miña terra querida
muito escoto fillo,
de tiños non recordo
tanto abuso da cultura.

Olla ben onde te embarcas

Fuxe meu amor na barca,
pon a vela ben no vento,
maino o mar que che sexa,
ese mar dos teus marteiros.

Non queiras bogar na barca,
garrida a proa no vento,
no temporal non te metas,
agarda faga bon tempo.

Si vento ché ven da ría,
será ventiño mareiro,
mais si él che ven de fóra
fica quedíña no porto.

As Arrepentimento

É verdade, teño morriña,
non fago mais que chorar,
aldaquei moito camiño
canso estou de camiñar.

Coma un atordado
fuxín de tí, miña terra,
mais agora xa vou vello
e che pido me perdoar.

Vai paxariño no ceo
que unha mensaxe che vou dar,
catro verbas paxariño
sin que deixes de voar.

Son as coitas do meu peito
arrepentido por marchar,
este fillo malpocado
non se quixera danar.

Dille como a namoro
dille que estou triste,
un día deixeina de bando
hoxe quixera voltar.

De mozo fun festeiro,
mesmo lacazán,
coas mozas polos camiños,
de día durmía no lar.

Miña terra querendiña
escoita este teu fillo,
de mozo non razoaba
hoxe chora no exilio.

Non te deixes facer

Olla ben para quen che fala,
de frente mira os seus ollos,
se para os teus non ollara,
ten cuidado e ponte dado.

Escoita e fica calmo;
ti pensas que o que ven falar,
e con moito coñecemento
compasión de ti terá.

Hainos que son sospeitosos,
demostran moita sabencia,
fálanche con agarimo
téndote por pouca cousa.

Igual falan a modiño,
coidan ter sabiduría,
de tí coidan que es parvo
e agradecido serás.

Si un dí ser más ca outro
cando ven conversar,
soo comete o erro
do seu saber, ¡que ven ó chan!.

As malas Compañas

Detente ahí compañeiro
o teu carro vai valdeiro;
subiendo pola costa
asemellas un xilgueiro.

Canto tés as de gardar
igual que gardas a vida,
camiña de bagariño
dado o teu percurrido.

Non te fagas lacazán,
ti non te porás queixar,
o culpante has ser tí so
de ser home moi custoso.

As farras terminan mal,
vixía ben con quéén vas,
ese non é teu camiño,
vas a ficar danadiño.

Quén sempre se vai de festa
termiña por destragar
canto gañou traballando
e fina igual un coitado.

Consellos dos pais

Fillo es e pai virás,
dín os pais moi retranqueiros,
coido que aló chegarás
relémbrate do proverbo.

Coma nós has traballar
pra crianza dos teus nenos,
vaite ensinar a vida
o que costa de haber te-los.

Tamén has ter tristura,
maldizoarás ó demo,
culpante das túas coitas
non maldizoas ó ceo.

O ceo é sagro rapaz,
ben cho falei de pequeno,
ensináronmo os curas,
non queiras ir pro inferno.

Coida non barafustar,
encontra iso te preveño,
o bon Deus olla da cima
do teu bon comportamento.

Non sexas enrevesado

Non me veñas pedir contas
tí que és meu compañoiro,
tí non me debes ningunha
i eu ningunha che debo.

Se tí me debías unha
xa a levou o vento,
ou senón, foise pola auga
do muiño vello.

Se tes acordanza,
e déboche algunha
ven aquí e dimo,
eu deber non quero.

Hoxe o meu senso
ten moita tristura,
xamáis farei dano
ás xentes que quero.

Díme ¿con quéñ padiolas
tí dende fai tempo?
oio babadoiras
dímme que son berros.

Digoche unha cousa,
non me poño dado,
xa que os rumores
son de malpocados.

Coida do teu corpo

De mañá, a alborada,
cando te ergas do leito,
olla ben pola xanela,
e olla se fai bo tempo.

Non te vayas traballar
denantes ollar o ceo,
se fai sol, vai con ledicia,
se chove acocha o corpo.

Coida nas cousas da vida,
xa o dixo Castelao:
dín que traballar é cousa boa,
folgazar é para danados.

Eu dígoche compañoiro,
gardate de quen goberna,
traballa e fai coidado,
tí non tes outra facenda.

Se es casado con fillos
ampara sempre o teu lar,
non fiques estragado
senón te vas condear.

Porse dados, do cantar

Ben dí o cantar galego
se queredes escoitar:
non mercar a toura coxa
coidando que ha de sanar.

Inda se é san coxea,
como a de vir, se coxa está;
con nos pasa o mesmo
se te pós a confrontar.

Colle muller con facenda
torta coma a cepeira,
ninguén cha a de covizar
e acougo terás no lar.

De facenda mui fermosa
moitos a trancos terás,
se ti non lle das diñeiros
noutro bando os achara.

Polos camiños da aldea
teus cornos atoparás,
vas a ser un malpocado,
moito dano che farán.

Tiven eu un compañoiro,
non o pudan confortar,
el dera en namorarse dese xeito,
hoxe non fai más que chorar.

VIRAVOLTAS

Cando alteiro bailabas,
non ollaste compañeiro
que eu ollávate brincar
a compás do meu pandeiro.

Co vento, a taramela
da voltas coma o muíño,
que moe e fai fariña
cas moas a despaciño.

Por moito que ben bailaras,
non agardes amiguño
que si no amor tí coidas
que tí as ser queridiño.

Os amores son pra terra,
o ceo é pros santiños,
a Deus a idolatría
eiquí hai que dividilos.

Si tantas voltas non diras,
pra facerte ollar meu "fillo",
toda ela ía contigo.

O cor, non se pode gobernar

Son un home malpocado
¡meu Deus! cheo de tristeza,
sen coidar dei o namoro
e danei a miña vida.

Escoita, miña estrela,
coido centilles no ceo,
ti me tes que confortar
¿non escoitas meu door?.

Axúdame compañeira
coñeces meu sofrimento
non me fagas cavilar
que pró amor non fun feito.

O cor a míñ non me deixa
que aceite no meu senso,
outra muller ca a moza
que lle dei meus sentimentos.

Dime miña estreliña
como teño que facelo
pra que chegue convencela
do namor, que eu lle teño.

Sarabia de xuño

Agallopan riba das cimas
buzarros do mes de xuño,
van deixar caer granizo
que o viño van danar.

Froito da capeira torta
á que o deus Baco lle ten namor,
se a saraiba tanto vos aventa
dará con vos no chan.

Baco, ¡malpocado!,
chegarase a amolar
se lle fica pouco viño
para poder gorentar.

Pensa moito o que fas,
sarabia, se o viño danas,
el óllate dende Olimpia;
mellor, ponte en garda.

Rosiña que enfeitzas

Non interesan os teus anos:
deixaron a primavera,
mais arrecendes de enfeitizo
rosiña arrecendada.

Ti es enfeitizamento;
co cheiro que tí espallas
me embebedas, meu namor,
ti danas a miña ialma.

Moras nun xardín frorido,
o xardineiro fai garda,
roubarte non pudo
¡rosiña que me danas!.

Pola paridade

Berro, berro, moito berro,
non estou canso de berrar,
e os muiños do vento
non me queren escoitar.

Para aca-lo que falo
eu berro a quén goberna;
menosprecian ós de abaxo
¿serven para traballar?.

Gobernantes deste mundo
¡coidado!, facedes mal,
non equecede, malpocados,
que se comenzan a revoltar.

Ollade os acontecementos
das formigas busca-bullas,
saen fora dos furados
dispostas a pelexar.

Non consinten ese dano,
dá abafallo no ollar.
Ó mundo vimos espidos
co dereito de ser iguais.

Eu vos digo, "porvos dados",
non é caro o meu falar,
termináronse os escravos,
¿baixádevos do pedestal!.

Os merlos

Cantan o merlo e a merliña,
aló enriba dun penedo;
eu deitéime a escoitar
aquei canto de desexos.

Co seu cantar garimoso
namentras se achegaban,
arrecunchados, namorosos,
chegáralle a Primaveira.

As árbores frorecidas
puxeron as roupas novas;
detrás ficara o inverno
e os craizos do Febreiro.

Lucía a alborada
nesa mañá cediño,
foi escintilante o sol
nese día feiticeiro.

Asenteime nun penedo
mesmo enriba do camiño,
meu senso ficou calmiño,
e non sentir pasar o empoo.

O corvo

Berra corvo adoecido
aló nunha carballeira,
de tristura foi o seu berro,
deixouno a compañoira.

Casara -xa ía vello-
cunha femia moi nova,
mais un mozo festeiro
levoulla e hoxe berra.

O mozo era garrido
xunto dela voaba,
falaba ben do peteiro
namentras a conquistaba.

Moitas vegadas xuntiños
nunha póla pousaban,
cos peteiros achegados
coidando que non os ollaban.

O vello foi malpocado
cando soubo da xogada,
víronlle bágoas nos ollos
hoxe chora ás agachadas.

O meu proverbio:

Nesta vida, compañoiro,
igual có corvo non fagas,
muller nova ten fogo
e queima sen deixar borralla.

Lingua pezoñosa

Van falando agachados
calmiños á túa beira,
sorrin con agarimo
coitadiños asemellan.

Pezoña saelles da boca,
eles falan moi baixño
babadoiran moitas cousas:
ren de más que facer dano.

Xente que naceu sen fallo,
dino con coñecemento
falán mal doutras persoas
logo eles fican calmos.

Din coñece-la túa vida
sen vergoña nin coidado,
botan fóra a pezoña
coma abellón o dardo.

Son igual ca unha chaga
que te deixe malpocado,
se vos falan, escoitade,
logo deixádeos.

Sempre te amparei

Chagarei eu a sabelo,
que é o enrevesado,
se é un ou se son moitos,
se son moitos, fanme dano.

Hoxe certidume teño
ollándoos o meu bando,
chimpando certas parolas
meus irmáns enrevesados.

Coida de nos ti, Galiza,
xa que nos te námoramos,
o decirnos fanfarrentos
só somos malpocados.

Moitos falan de inquedanzas
contra outros irmáns,
eu sempre pedín xustanza
para amparar ¡noso lar!.

Sempre digo que son galego
nesta bisbarra de Francia,
no meu senso irmáns teño,
galegos, ¡os refuxiados!.

Esos homes nos deixaron
a idea de xuntarnos,
¡eu teño savia galega!
¡deixemos de pelexarnos!.

Berrando ó compañoiro

Non veñas con arrodeos,
moito dís que tes namoro
á terra de Rosalía
e do noso Castelao.

Hoxe ficaches de bando
do que moito namorabas,
as raibas de tí sairon,
outra cousa cavilabas.

Eu sei que es malpocado,
mal de tí alguén falaba,
non fagas tí coma o outro
senón farei comparanza.

Eu que che teño namoro
que tristura teño hoxe
por ese comportamento teu,
fuxindo do noso lar.

¿Coidas que che fixeron dano?
actúa tí doutra maneira;
ben tí sabes, compañoiro,
que fai falla axudar.

Xamais raibas eu teño
contra outra persoas,
sempré estarei disposto
para ampara-la nosa terra.

Tí podes contar conmigo,
coa miña pequena axuda,
menester é ir contigo
e no intre que tí queiras.

Se eu berro, faime dano
e facelo non quixera,
mais eu berro polo amparo
¡da nosa Casa Galega!.

Voso lar jenrevesado!

Eu, o Lar enrevesado
xa non sei que cavilar
que tendes uns, e outros
vos me facendes ¡chorar!.

Acóllovos nun recuncho
da terriña namorada
hoxe moitas coitas teño
deixarvos de pelear.

En min colledes acollo
¿vos querédesme danar?
vos me ficas tes ¡Galegos!
non quixeira ¡vir ó chao!.

Decindes tendes namoro
de este "Lar" de Galicia,
sendes uns atravesados
a míñ hai que mampar.

Pedínlle a este fillo
fixera a poesía
pra remexer voso senso
namorados da terriña.

Vos sendes que rabeosos
razón, non tendes ningunha
eu soio quero amparo
de esta nai Galeguña.

O noso Mestre

Tí que con moito agarimo
adícaste á nosa terra,
diríxe-lo noso fato
na Francia, Casa de Galicia.

Eu que che teño namoro
adícoche esta poesía
toda chea de feitizos
de míñ e da compañía.

Tí que es compracenteiro
cando te pos a ensinar;
nós non somos bons alumnos,
moito nos tes que aturar.

Señor César López Nuevo,
de acordo igual estarán
todos xuntos nunha aperta
coma a un irmán.

Cavilei eu moito tempo,
o xeito non o alcontrava,
ata que un día soñando
¡atopei o que buscaba!.

Vello muiño de Amiens

De visita en Francia
mainadiño fun camiñando
cara a Amiens, feiticeira vila,
a da historia dos Templarios.

Á beira do vello hospital
unha canle acarrexa auga,
ollei para un vello muíño
o pobre xa se viña ó chan.

Pregunteille atrevido
cantos anos el tería,
como estaba enferruxado
non me pudo retrucar.

Fixéranno carpinteiros
coa madeira cernuda
do feiticeiro carballo
que os séculos viñeran relar.

Ó chan caeran xa as moas,
non rodan desde hai tempo,
aló fican esquecidas
polo home, ¡malpocado!.

Preguntei a súa beira
se pensan aqueloutralo
coma denantes fixeran
os compañeiros do traballo.

Se che poñen roupa nova
quixerá volverte a ollar,
muiño feiticeiro
que moeches tanto pan.

Xardín Finado

Amoriñado esta o día
naida ven a crarealo,
nin agarimo que veña
confortar a miña fror.

A noite pechouna toda,
nin se arregala do sol,
no tempo da primaveira
ela era un feitizo.

Esmírirase día a día
coma a cousa dun meigallo,
o xardín non val pra nada,
que me dou tanto traballo.

Pasei todas amerturas
non fun canso de coidaloo,
morte lévame axiña
pra eu poder esquece-lo.

Amor finado

Cando o amor termiña
por falla de agarimos,
de xóven unha ledicia,
co tempo son esquecidos.

Nos tempos fuxidos coidas,
cando coidabas co amor
agantaría unha vida,
pouco a pouco vanse morrendo.

Coidaches atopar a falla
pra compoñer o danado,
ren non pudeche aranxar,
hoxe choras malpocado.

Deus, que fas no ceo

Sacádeme este martirio,
esta tristura que teño,
vouna mostrando de día
e non me deja no leito.

Malpocado dende neno
xamáis fixen comparanza
con outros compañeiros:
en míñ soio hai tristura.

Pelexei contra dela
facéndome o risoño,
vixiando non a ollaron
mesmo os que eu amo.

¡Meu Deus!, ¿qué fas ti no ceo?
fálalle, miña estrela,
que penso que se fai o xordo,
¿ou é que ficaches cega?.

Ti sabes do meu sofrimento
esta vida non é miña,
acórdame o repouso,
lévame desta amargura.

Pobre Vida de inferno

Loucura faite estrevida
leva de min o meu senso,
ven xunto de míñ compañeira
non aganto tanto marteiro.

O peito cheo de coitas
quixeira esmedrellalo,
ser desfeito por un raio
pra que eu non chore tanto.

Eu xa non pudo agantar,
capacidade non teño,
só en míñ hai que tristura
ata non sei dende cando.

Miña ledicia danada
poucos agarimos teño,
non fago ren nesta terra
con tantas coitas que teño.

Todo morre

O amores nesta vida
é a dous a dividilos,
si dun bando van a falla
o amor fina danado.

O monte sobín un día
percurar esquecemento
e pareime a reposar
no nacemento dun río.

A auga saía pra fora
crariño e gorxeirando,
polo leitiño se ía
a tombos polos camiños.

Caladiño repousaba,
escoitei uns paxariños
que duns amores falaban
que morreron coitadiños.

Morriñoso, con tristura
boteime polos camiños,
a alma chea de coitas
chorando malpocadiño.

Pobre e vello sen facenda

Dende a morte esquecidos,
denantes non se atrevían,
morredes sen un consolo
sós sen unha lembranza.

Nin unha fror de acondanza
poñen na cruz de madeira,
só os vosos nomes puxeron
ó afundirvos na terra.

Fostes coma a trebada
que falla fai esquecela,
meu corpo por vos chora,
as bágoas do desespero.

Cando mozos e garridos,
traballadores sen queixas;
o seren vellos, nun recuncho
ate a morte, compañeiros.

Reflexión:

O home é covizoso,
só coida de facenda,
o amor fica de lado,
pobre vello, non interesa.

Camiñando esgordiño

Camiñando esgordiño,
dín ca lonxe has de chegar,
camiñeい de bagariño,
ollando onde repousar.

Fixen garda do meu corpo,
pra non o desvaratar,
a doença deu conmigo,
xa non poido camiñar.

Vou no termo do camiño,
pra diante os pés non van,
a tristura vai cónmigo,
e non a quero ensinar.

Camiñando esgordiño
que dano, dano, dano
que dano, dano, dano

Morriu o meu gato
que dano, dano, dano
que dano, dano, dano

Os anos vanme levando

De xoven sempre risoño,
gostoso de traballar,
eu non sentín o meu corpo,
non gostei de folgazar.

Relémbrome cando mozo,
das festas cos que eu iba,
eran moi bons compañeiros,
xuntos todo era ledicia.

Hoxe todo costa abaxio,
os anos veñen enriba,
a saúde vou perdendo,
non sei que fago na vida.

Faime erros o meu senso,
il xa moi ben non cavila
coma camiñan meus nos,
nesta terra queridiña.

Sempre serei devitor, teu ensino

Meu desexo é que escoitases
coma de ti, falo de isto,
me deixastes de ensinar
son malpocado, meu mestre.

Eu ei que che dei traballo,
mais eu son agradecido
sempre fun moi acaido
pra cinxir o teu ensino.

Hoxe que tí me deixaste
continúo traballando,
escrebindo escoito berros,
esos berros, ¡qué berraste!.

Coñezco a desigualdade
cultural, que nos afasta,
falo quen é o Fontán
sempre teu nome, vai diante.

Non hai conversa que-eu teña
que non fale quen me insina
Antonio González Fontán,
ourensano da terriña.

Non coides que eu te esqueza,
mesmo que esos murmurios
cheguen coas indecencias,
o ben que por min fixeche
sempre direi eu moi forte,
¡foches tí! quen me ensinaste.

Non te poñas ti moi dado
de esto que veño, de falar,
ti sabes cas volvortas
non fan mais, ca revoltear.

Soio son pedinte homiño
acugulado de tristura,
que tresvaría de noite
dempois escribe ó día.

Bueu é a miña vila
na ría de Pontevedra
aló teño eu familia.

Sempre cheo de morriña,
xa que moro, eiquí na Francia,
paso soñando en Galiza,
¡terriña! meu paraiso.